

---

# XAIME E AS LANDRAS

Texto de TIM BOWLEY

Ilustracións de INÉS VILPI

Tradución de G. TOLENTINO

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €

**Xaime e as landras** (galego)

ISBN 978-84-8464-532-0. Demademora.

**Jaime y las bellotas** (castelán)

ISBN 978-84-96388-13-0. Libros para soñar.

**Jaime e as bolotas** (portugués)

ISBN 978-972-8781-50-7. Livros para sonhar.

**Jamie planted an acorn** (inglés)

ISBN 978-84-8464-775-1. Books for dreaming.

**Giacomino e le ghiande** (italiano)

ISBN 978-88-95933-38-2. Libri per sognare.

*Xaime plantou unha landra, pero...*

*antes de que puidese medrar*

*un esquíu desenterrouna e agachouna.*

*Xaime plantou unha landra.*

*Xermolou e agromou da terra, pero...*

Así comeza unha sucesión de escenas narradas de forma áxil, breve e repetitiva; unha técnica recorrente nos contos para primeiros lectores e de grande utilidade para a súa narración oral, implicando o público infantil.

Xaime non se rende ante as adversidades e planta non unha, senón moitas landras. Non se desanima cando os animais esmagan ou comen os gromos; cando os nenos estragan a árbore incipiente nin cando os madeiros a tallan ao facerse robusta... Porque ao final, unha das landras de Xaime converterase co tempo nun carballo forte que dea... máis landras.

Historia circular e cíclica, que cando acaba pode volver empezar. Como cada árbore que bota raíces tras superar inculcables vicisitudes, tralo conto de Tim Bowley subxacen mensaxes como a perseverancia na loita por acadar unha meta. Unha narración sinxela e tenra, que trata sobre a vida mesma e as súas circunstancias.


As ilustracións de Inés Vilpi son un complemento ideal, achegando colorido, calidez e sensibilidade.

---

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---



---

■ **Temática:** a natureza, a perseverancia.

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** historia circular; colorido; coñecemento do medio; tenacidade, esforzo; do autor de “Amelia quere un can” e “O Rei Oso Branco”.

---

## Tim Bowley

(Londres, 1945)

Narrador, especialista en contos tradicionais de todo o mundo. Imparte cursos e realiza sesións de contacontos. Durante os seus máis de 20 anos de experiencia, percorreu coas súas actuacións numerosos países. Colaborou nunha antoloxía narrativa publicada en Reino Unido e editou a obra bilingüe inglés-español titulada “Semillas al viento”, en colaboración con Casilda Regueiro, coa que durante varios anos formou tándem artístico. Tamén é autor do álbum infantil “Amelia quere un can” e do libro de relatos “O Rei Oso Branco”, editados por KALANDRAKA.

## Inés Vilpi

(Xaén, 1962)

Foi profesora de educación infantil durante dez anos nunha escola onde se potenciaba a expresión plástica. Deixou o seu labor docente para adicarse en exclusiva á arte, aínda que a súa formación é totalmente autodidacta. Colabora como ilustradora con varias editoriais e revistas, e fixo cartaces para diversas actividades. “Xaime e as landras” foi o seu primeiro libro infantil.

